- C. os que non estando comprendidos no artigo 27, cooperan para a execución do feito con actos simultáneos ou posteriores.
- D. os indutores e os cooperadores necesarios.

66. Segundo o artigo 30.1 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, nos delitos que se cometan utilizando medios ou soportes de difusión mecánicos non responderán criminalmente:

- A. nin os cómplices nin os que os tiveren favorecido persoal ou realmente.
- B. os autores.
- C. os indutores.
- D. os cooperadores necesarios.

67. Os delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais regúlanse:

- A. no capítulo V do título XXI do libro II do Código Penal.
- B. no capítulo IV do título XXI do libro II do Código Penal.
- C. no capítulo V do título XXII do libro II do Código Penal.
- D. na sección IV do título XXII do libro II do Código Penal.

68. Os delitos cometidos polos funcionarios públicos contra a liberdade individual regúlanse:

- A. na sección 2ª do capítulo V do título XXI do libro II do Código Penal.
- B. na sección 1ª do capítulo V do título XXI do libro II do Código Penal.
- C. na sección 3ª do capítulo V do título XXI do libro II do Código Penal.
- D. na sección 1ª do capítulo IV do título XXI do libro II do Código Penal.

69. Os delitos da prevaricación dos funcionarios públicos e outros comportamentos inxustos regúlanse:

- A. no capítulo I do título XXI do libro II do Código Penal.
- B. no capítulo I do título XIX do libro II do Código Penal.
- C. no capítulo I do título XXII do Libro II do Código Penal
- D. nunha lei penal especial.

70. Os delitos do abandono de destino e da omisión do deber de perseguir delitos se regulan:

- A. no capítulo I do título XXI do libro II do Código Penal.
- B. no capítulo I do título XIX do libro II do Código Penal.
- C. no capítulo II do título XIX do Libro II do Código Penal
- D. nunha lei penal especial.

71. Segundo o artigo 550.2 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, os atentados serán castigados:

- A. con pena de prisión e multa en tódolos casos.
- B. coas penas de prisión e multa se o atentado for contra autoridade e con pena de prisión nos demais casos.
- C. con pena de prisión se o atentado for contra autoridade e con pena de multa nos demais casos.
- D. con pena de multa en tódolos casos.

72. Segundo o artigo 551.4º da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, imponse as penas superiores en grao ás respectivamente previstas no artigo 550 sempre que o atentado se cometa:

- A. contra funcionarios docentes ou sanitarios que se atopen no exercicio das funcións propias do seu cargo, ou con ocasión delas.
- B. contra membros do Goberno
- C. con ocasión dunha folga.
- D. con ocasión dun motín, resistencia ou incidente colectivo no interior dun centro penitenciario.

73. ¿En que título do Código penal se regula “Do Homicidio e as súas formas”?:

- A. No Título I, Libro III do Código penal.
- B. No Título I, Libro I do Código penal.
- C. No Título II, do Libro II do Código penal.
- D. No Título I, do Libro II do Código penal.

74. Consonte ao artigo 171.7 do Código penal, relativo ás ameazas leves:

A. Fóra dos casos anteriores, o que de modo leve ameace a outro será castigado coa pena de multa dun a tres meses. Este feito só será perseguible mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.

B. Fóra dos casos anteriores, o que de modo leve ameace a outro será castigado coa pena de multa dun a tres meses. Este feito só será perseguible mediante denuncia da persoa agraviada, do seu representante legal ou polo Ministerio Fiscal.

C. Fóra dos casos anteriores, o que de modo leve ameace a outro será castigado coa pena de multa dun a tres meses. Este feito será perseguible, aínda que non medie denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.

D. Fóra dos casos anteriores, o que de modo leve ameace a outro será castigado coa pena de multa dun a tres meses. Este feito só será perseguible mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal, polo Ministerio Fiscal ou de oficio nos casos de particular gravidade.

75. A tergo do artigo 234 do Código penal, é reo de furto:

A. O que, con ánimo de lucro, tomara as cousas mobles alleas sen a vontade do seu dono, se a contía do subtraído excedese de 400 euros.

B. O que, sendo dono dunha cousa moble ou actuando co consentimento deste, a substraía de quen a teña lexitimamente no seu poder, con prexuízo do mesmo ou dun terceiro, se a cousa subtraída excedera de 400 euros.

C. O que, con ánimo de lucro, utilizara engano bastante para producir erro noutro, inducíndoo a realizar un acto de disposición en prexuízo propio ou alleo.

D. O que, en prexuízo doutro, se apropiara para si ou para un terceiro, de diñeiro, efectos, valores ou calquera outra cousa moble, que recibise en depósito, comisión ou custodia ou que lles fosen confiados en virtude de calquera outro título que produza a obriga de entregalos ou devovelos ou negaren recibilos, se a contía excedera de 400 euros.

76. Segundo o artigo 263.1 do Código penal:

A. O que causara danos en propiedade allea non comprendidos noutros títulos deste Código, será castigado con multa de seis a vinte e catro meses, atendidas a condición económica da vítima e a contía do dano. Se a contía do dano causado non excedera de 400 euros, se imporá unha pena de multa dun a tres meses.

B. O que, por calquera medio e sen autorización do seu titular, borrarse, danase, deteriorase, alterase, suprimise ou fixera inaccesibles datos

informáticos, programas informáticos ou documentos electrónicos alleos, cando o resultado producido fora superior a 400 euros, será castigado coa pena de prisión de seis meses a tres anos.

C. O que causara danos en propiedade allea non comprendidos noutros títulos deste Código, será castigado con pena de multa de seis a vinte e catro meses. Se a contía do dano causado non excedera de 400 euros, se imporá unha pena de multa dun a tres meses.

D. O que causara danos en propiedade allea non comprendidos noutros títulos deste Código, será castigado con pena de multa de seis a vinte e catro meses, atendidas a condición económica da vítima e a contía do dano. Se a contía do dano causado non excederá de 400 euros, só será perseguible na vía civil.

77. ¿En qué Capítulo e Título do Código penal se regulan “Dos delitos contra a saúde pública”? :

A. No Título XVII, Libro III do Código penal.

B. No Título XVII, Libro I do Código penal.

C. No Título XVII, Capítulo III, do Libro II do Código penal.

D. No Título III, Capítulo III, do Libro XVII do Código penal.

78. Consonte ao artigo 374 do Código penal, nos delitos previstos no parágrafo segundo do artigo 301 e nos artigos 368 a 372, ademais das penas que corresponda impoñer polo delito cometido, serán obxecto de comiso as drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, os equipos, materiais e substancias a que se refire o artigo 371, así como os bens, medios, instrumentos e ganancias, con suxeición ao disposto nos artigos 127 a 128 e ás seguintes normas especiais:

A. Con carácter cautelar, se procederá ao depósito total das substancias incautadas para os efectos probatorios do xuízo oral.

B. Non procederá, baixo ningún concepto, a destrución das mostras apartadas, cando se tratar de substancias que non causen grave dano á saúde.

C. Unha vez firme a sentenza, procederase á destrución das mostras que se apartaron ou, á destrución da totalidade do incautado, no caso de que o órgano xudicial competente ordenase a súa conservación e os bens, medios, instrumentos e ganancias definitivamente comisados por Sentenza, que non

poderán ser aplicados á satisfacción das responsabilidades civís derivadas do delito nin das custas procesuais, serán adxudicados integramente ao Estado.

D. Unha vez firme a sentenza, se procederá á destrución das mostras que se apartaron ou, á destrución da totalidade do incautado, no caso de que o órgano xudicial competente ordenase a súa conservación.

79. ¿ En que Título do Código penal se regulan “Dos delitos relativos á ordenación do territorio e o urbanismo, a protección do patrimonio histórico e o medio ambiente?”

A. No Título XVI, Libro III do Código penal.

B. No Título XVI, Libro II do Código penal.

C. No Título II, do Libro XVI do Código penal.

D. No Título XVI, Libro I do Código penal.

80. Consonte ao artigo 337 do Código penal, será castigado coa pena de tres meses e un día a un ano de prisión e inhabilitación especial dun ano e un día a tres anos para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenencia de animais:

A. O que, por calquera medio ou procedemento, maltrate a un animal salvaxe.

B. O que, por calquera medio ou procedemento e facendo uso de armas ou instrumentos perigosos, maltrate a un animal salvaxe.

C. O que, por calquera medio ou procedemento, maltrate inxustificadamente, causándolle lesións que menoscaben gravemente a súa saúde ou someténdolle a explotación sexual, ao seu animal de compañía.

D. O que, por calquera medio ou procedemento maltrate inxustificadamente, causándolle lesións que menoscaben gravemente a súa saúde ou someténdolle a explotación sexual, a un animal doméstico ou amansado, un animal dos que habitualmente están domesticados, un animal que temporal ou permanentemente vive baixo control humano, ou calquera animal que non viva en estado salvaxe.

81. Consonte ao artigo 379.1 do Código penal, despois da reforma operada pola LO 1.2015, o que conduza un vehículo de motor ou un ciclomotor a velocidade superior en sesenta quilómetros por hora en vía urbana ou en oitenta quilómetros por hora en vía interurbana á permitida regulamentariamente, será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou coa de multa de seis a doce meses ou coa de traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a noventa días e, en calquera caso, coa de privación

do dereito para conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo superior a un e ata :

- A. Dous anos.
- B. Tres anos.
- C. Seis anos
- D. Catro anos.

82. Segundo o artigo 267 do Código penal:

- A. Os danos causados por imprudencia grave en contía superior a 40.000 euros, serán castigados coa pena de multa de tres a nove meses, atendendo á importancia dos mesmos.
- B. Os danos causados por imprudencia grave en contía superior a 80.000 euros, serán castigados coa pena de multa de tres a nove meses, sen prexuízo da importancia dos mesmos.
- C. Os danos causados por imprudencia grave e menos grave en contía superior a 40.000 euros, serán castigados coa pena de multa de tres a nove meses, atendendo á importancia dos mesmos.
- D. Os danos causados por imprudencia grave en contía superior a 80.000 euros, serán castigados coa pena de multa de tres a nove meses, atendendo á importancia dos mesmos.

83. Segundo o artigo 33.1 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, en función da súa natureza e duración, as penas clasifícanse en:

- A. graves e leves.
- B. sumamente graves, graves, menos graves y leves.
- C. graves y menos graves.
- D. graves, menos graves e leves.

84. Segundo o artigo 33.2.c) da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, é pena grave:

- A. a inhabilitación absoluta.
- B. a prisión ata 5 anos.
- C. as inhabilitacións especiais ata 5 anos.
- D. a suspensión de emprego ou cargo público ata 5 anos.

85. Segundo a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, Forzas e Corpos de Seguridade no seu artigo 53 establece que os Corpos da Policía Local deberán

exercer entre outras a función de: Participar nas funcións de Policía Xudicial, na forma establecida no:

- A. Artigo 27.2 da devandita lei.
- B. Artigo 29.2 da devandita lei
- C. Artigo 104.2 da Constitución Española
- D. Artigo 126 da Constitución Española

86. Segundo o Real Decreto do 14 de setembro de 1882 polo que se aproba a Lei de Axuizamento Criminal no seu artigo 496 establece. O particular, Autoridade ou axente de Policía Xudicial que detivere a unha persoa en virtude do disposto nos precedentes artigos, deberá poñela en liberdade ou entregala ao Xuíz máis próximo ao lugar en que houber feito a detención :

- A. No tempo estritamente necesario e antes das 72 horas
- B. Dentro das 24 horas seguintes ao acto da mesma
- C. No tempo indicado pola Autoridade Xudicial ou o Ministerio Fiscal
- D. No prazo máximo de 72 horas

87. Segundo o Real Decreto do 14 de setembro de 1882 polo que se aproba a Lei de Axuizamento Criminal no seu artigo 284.2. Con todo, cando non exista autor coñecido do delito a Policía Xudicial conservará o atestado ao dispor do Ministerio Fiscal e da autoridade xudicial, sen enviarllo, salvo que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- A. Que se practique calquera dilixencia despois de transcorridas setenta e dúas horas desde a apertura do atestado e estas tivesen algún resultado
- B. Que se practique calquera dilixencia despois de transcorridas setenta e dúas horas desde o peche do atestado e estas tivesen algún resultado
- C. Que se practique calquera dilixencia despois de transcorridas setenta e dúas horas, prorrogables por un tempo máximo de vinte e catro horas desde a apertura do atestado e estas tivesen algún resultado
- D. Que se practique calquera dilixencia despois de transcorridas setenta e dúas horas, prorrogables por un tempo máximo de corenta e oito horas desde a apertura do atestado e estas tivesen algún resultado

88. Segundo o Real Decreto do 14 de setembro de 1882 polo que se aproba a Lei de Axuizamento Criminal no seu artigo 294. Se non puider redactar o atestado o funcionario a quen correspondese facelo, substituirase por unha relación verbal circunstanciada, que reducirá a escrito dun modo fidedigno:

- A. o funcionario da Policía Xudicial Orgánica, do Ministerio fiscal, o Xuíz de instrución ou o municipal a quen deba presentarse o atestado, manifestándose o motivo de non redactarse na forma ordinaria
- B. o funcionario da Policía Xudicial, do Ministerio fiscal, o Xuíz de instrución ou o municipal a quen deba presentarse o atestado, manifestándose o motivo de non redactarse na forma ordinaria

C. o funcionario do Ministerio fiscal, o Xuíz de instrución ou o municipal a quen deba presentarse o atestado, manifestándose o motivo de non redactarse na forma ordinaria.

D. o funcionario do Ministerio fiscal, o Xuíz de instrución ou o municipal a quen deba presentarse o atestado, manifestándose o motivo de non redactarse de forma urxente

89. O artigo 548 da Lei de Axuizamento Criminal dispón:

A. Para a entrada e rexistro nos templos e demais lugares relixiosos bastará pasar recado de atención ás persoas a cuxo cargo estiveren

B. O Xuíz necesitará para a entrada e rexistro no Palacio de calquera dos Corpos Colexisladores a autorización do Presidente respectivo

C. Ninguén poderá entrar no domicilio dun español ou estranxeiro residente en España sen o seu consentimento, excepto nos casos e na forma expresamente previstos nas leis

D. O artigo 548 foi derogado conforme establece a L.Ou. 13/2015, do 5 de outubro, de modificación da Lei de Axuizamento Criminal

90. Segundo o artigo 554 da Lei de Axuizamento Criminal se reputan domicilio, para os efectos dos artigos anteriores recollido nesta Lei:

A. Os Palacios Reais, estean ou non habitados polo Monarca ao tempo da entrada ou rexistro

B. O edificio ou lugar pechado, ou a parte del destinada principalmente á habitación de calquera español ou estranxeiro residente en España e da súa familia

C. Os buques nacionais mercantes

D. As tres respostas son correctas

91. Segundo o artigo 501 do Real Decreto do 14 de setembro de 1882 polo que se aproba a Lei de Axuizamento Criminal, o auto elevando a detención a prisión ou deixándoa sen efecto, poñerase en coñecemento:

A. Ministerio Fiscal, e ao denunciante particular se o houbera

B. Avogado defensor ou procurador no seu caso e ao procesado ao cal se lle fará saber así mesmo do dereito que lle asiste para pedir de palabra ou por escrito a reposición do auto

C. Ministerio Fiscal, e notificarase ao querellante particular se o houbera, e ao procesado ao cal se lle fará saber así mesmo do dereito que lle asiste para pedir de palabra ou por escrito a reposición do auto

D. Ao procesado que poderá interpoñer recurso a través do avogado que designase ou de oficio que lle fose asignado para a reposición do auto

92. O art. 520.2 da Lei de Axuizamento Criminal dispón que a información que se forneza á persoa detida deberá facilitarse:

- A. Por escrito, nunha linguaxe sinxela e accesible, nunha lingua que comprenda e de forma inmediata
- B. De modo que sexa suficiente e adecuada
- C. De maneira oral ou escrita
- D. De forma continuada e inmediata

93. Na Lei Orgánica 13/2015, do 5 de outubro, de modificación da Lei de Enxuiamiento Criminal para o fortalecemento das garantías procesuais e regulación das medidas de investigación tecnolóxica, no seu Artigo único apartado Tres, introdúcese un novo apartado 4 ao artigo 509 da Lei de Axuizamento Criminal, que queda redactado como segue:

- A. En ningún caso poderán ser obxecto de detención incomunicada os menores de dezaseis anos.
- B. O xuíz de instrución ou tribunal poderá acordar excepcionalmente, mediante resolución motivada, a detención ou prisión incomunicadas.
- C. A incomunicación non poderá estenderse máis aló de cinco días
- D. A incomunicación durará o tempo estritamente necesario para practicar con urxencia dilixencias tendentes a evitar a destrución de probas.

94. Na Lei Orgánica 13/2015, do 5 de outubro, de modificación da Lei de Axuizamento Criminal para o fortalecemento das garantías procesuais e a regulación das medidas de investigación tecnolóxica, no seu Artigo único apartado doce, Créase un novo artigo 579 bis, que no seu punto 1 queda redactado do seguinte modo:

- A. Non se requirirá autorización xudicial naqueles envíos postais que, polas súas propias características externas, sexan usualmente utilizados para conter correspondencia individual.
- B. Non se requirirá autorización xudicial cando a inspección non leve a cabo #de acordo con a normativa aduaneira ou proceda conforme as normas postais que regulan unha determinada clase de envío.
- C. O resultado da detención e apertura da correspondencia escrita e telegráfica poderá ser utilizado como medio de investigación ou proba noutro proceso penal.
- D. O xuíz poderá acordar, en resolución motivada, por un prazo de ata tres meses, prorrogable por iguais ou inferiores períodos ata un máximo de dezaioito meses, a observación das comunicacións postais e telegráficas do investigado.

95. Para os efectos da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos de motor e Seguridade Viario e as súas disposicións complementarias, enténdese por vehículo de motor:

- A. Vehículo provisto de motor para a súa propulsión. Exclúense desta definición os tranvías e vehículos de mobilidade reducida.

- B. Vehículo provisto de motor para a súa propulsión. Inclúense nesta definición os ciclomotores.
- C. Vehículo provisto de motor para a súa propulsión. Inclúense nesta definición os ciclomotores e os tranvías.
- D. Vehículo provisto de motor para a súa propulsión. Exclúense desta definición os ciclomotores, os tranvías e os vehículos para persoas de mobilidade reducida.

96. No artigo 1 da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade Viaria aprobado polo Real Decreto Lexislativo 6/2015 do 30 de outubro, recolle que ten por obxecto:

- A. Regular o tráfico, a circulación de todos os vehículos e a seguridade viaria.
- B. Regular o tráfico, a circulación de vehículos de motor e a seguridade viaria.
- C. Ordenar o tráfico, a circulación de vehículos, o tránsito de peóns e a seguridade viaria.
- D. Regular o tráfico e a seguridade viaria.

97. Conforme ao artigo 23.2 do R.C.L. 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei sobre Tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, en defecto de sinal, o condutor está obrigado a ceder o paso aos vehículos que se aproximen pola súa dereita, salvo nos seguintes supostos, sinala a resposta CORRECTA:

- A. Os vehículos que circulen por raíles sobre os que pretendan acceder a eles
- B. Os vehículos que circulen por unha vía pavimentada sobre os que procedan doutra sen pavimentar
- C. Os que se achen dentro das glorietas sobre os que pretendan saír delas
- D. Ningunha é correcta

98. Un turismo que arrastre un remolque, ¿ podería ocupar un carril BUS-VAO?

- A. SI, en calquera caso, sempre que conte con documentación para circular polo carril BUS-VAO
- B. Non
- C. SI, pero só se se trata dun remolque de menos de 750kg de peso
- D. SI, sempre que o turismo estea ocupado por un número mínimo de persoas que estableza a lexislación que regula os carrís de tipo BUS-VAO

99. Poderán circular sen cinto de seguridade ou outro sistema de retención homologado:

- A. Os taxistas circulando por estradas convencionais
- B. Os distribuidores de mercadorías sempre que realicen labores de carga e descarga
- C. Os condutores realizando calquera manobra que non sexa a de marcha atrás ou estacionamento
- D. As persoas provistas dun certificado por razóns médicas graves

100. Segundo establece o artigo 5.5 (sinalización de obstáculos e perigos) do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que debe procurar a actuación dos equipos dos servizos de urxencia, así como a dos de asistencia mecánica e de conservación de estradas?:

A. Nalgúns momentos a menor afectación posible sobre o resto da circulación, ocupando o mínimo posible da calzada e seguindo en todo momento as instrucións que imparta o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, no seu caso, a autoridade autonómica ou local responsable da regulación do tráfico, ou os seus axentes.

B. En todo momento a menor afectación posible sobre o resto da circulación, ocupando o mínimo posible de a calzada e seguindo en todo momento as instrucións que imparta o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, no seu caso, a autoridade autonómica ou local responsable da regulación do tráfico, ou os seus axentes.

C. En todo momento a menor afectación posible sobre o resto da circulación, ocupando o mínimo posible da calzada e seguindo nalgúns casos as instrucións que imparta o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, no seu caso, a autoridade autonómica ou local responsable da regulación do tráfico, ou os seus axentes.

D. Nalgúns momentos a maior afectación posible sobre o resto da circulación, ocupando o mínimo posible da calzada e seguindo en todo momento as instrucións que imparta o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, no seu caso, a autoridade autonómica ou local responsable da regulación do tráfico, ou os seus axentes.

101. De entre os sinais de balizamento seguintes sinais cal non é un dispositivo de barreira:

- A. Captafaros de barreira
- B. Bandeiras, conos ou dispositivos análogos
- C. Luz vermella fixa
- D. Barreira ou semibarrera móbiles

102. Son sinais de prioridade: Art. 151

- A. R-1, R-3, R-101, R-103
- B. R-1, R-3, P-1, P-1e
- C. R-1, R-3, R-4, R-101
- D. R-1, R-3, P-1, P-1d

103. Segundo o RD 818/2009 no seu artigo 4, recolle que a idade mínima para obter o permiso de condución da clase D sendo titular do certificado de

aptitude profesional (CAP) que o obtivera realizando a modalidade de cualificación inicial ordinaria, é de:

- A.18 anos
- B.24 anos
- C.21 anos
- D.23 anos

104. Segundo o RD 818/2009 no seu artigo 2, a competencia para expedir os permisos e licenzas de condución, é de:

- A.A Xefatura Central de Tráfico
- B.As Xefaturas Provinciais de Tráfico coa excepción dos que autorizan a conducir vehículos das Forzas Armadas ou da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil
- C.A Xefatura da Comunidade Autónoma que corresponda
- D.As Xefaturas Provinciais de Tráfico en todos os casos

105. O permiso básico ADR de mercadorías perigosas, habilita ó transporte de mercadorías perigosas de todo tipo, agás:

- A.Mercadorías perecedeiras sempre que excedan de 7.500 kgs
- B.O permiso ADR non ten relación co transporte de mercadorías perigosas, senón co transporte de alimentos perecedeiros
- C.O permiso básico de ADR autoriza ó transporte de todo tipo de mercadorías perigosas
- D.Material explosivo e radioactivos en vehículos non cisterna

106. A autoridade competente para o ADR en España é:

- A.O Ministro de Interior
- B.O Xefe da Dirección Xeral de Tráfico
- C.O Director Xeral de Transporte Terrestre
- D.O Xefe da Xefatura Central de Tráfico

107. Segundo o RDL 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, no seu artigo 84, a competencia para sancionar as infraccións cometidas no territorio de máis dunha provincia é de:

- A.O Xefe de Tráfico da capital de provincia

B.O Xefe de Tráfico de cada provincia para cada unha das infraccións

C.O Xefe de Tráfico da provincia na que a infracción tivera sido primeiramente denunciada

D.O Xefe Central de Tráfico

108. Segundo o RDL 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, no seu artigo 87, nas denuncias que os axentes da autoridade notifiquen no acto ó denunciado, terá que indicarse que dita denuncia inicia o procedemento sancionador e que dispón de un prazo para efectuar o pago coa redución, sendo este de:

A.15 días hábiles

B.20 días naturais

C.15 días naturais

D.20 días hábiles

109. Actualmente os accidentes de tráfico veñen regulados na:

A.Orden INT/2223/2014

B.Orden INT/0001/2002

C.Orden ITC/1010/2020

D.Orden ITC/2299/2000

110. Se denomina falecido, como consecuencia dun accidente de tráfico, a:

A.Toda persoa que falece no acto ou dentro das seguintes 24 horas

B.Toda persoa que falece no acto ou durante o trasscurso ó centro médico

C.Toda persoa que falece no acto ou dentro dos seguintes sesenta días

D.Toda persoa que falece no acto ou dentro dos seguintes trinta días

111. As dilixencias a realizar por parte dos axentes da autoridade en relación coas probas de alcoholemia, se recollen no:

A.Artigo 26 do RD 1428/2003

B.Artigo 25 do RD 1428/2003

C.Artigo 24 do RD 1428/2003

D.Artigo 23 do RD 1428/2003

112. Os conductores de calquer vehículo non poderán superar a taxa de alcol en sangue de 0,3 gramos por litro, nin de alcol en aire espirado de 0,15 miligramos por litro:

A.Durante o ano seguinte a obtención do permiso ou licenza que lles habilita para conducir

B.Durante os dous anos seguintes a obtención do permiso ou licenza que lles habilita para conducir

C.Durante os tres anos seguintes a obtención do permiso ou licenza que lles habilita para conducir

D.Durante os cinco anos seguintes a obtención do permiso ou licenza que lles habilita para conducir

113. A principal colonia foránea existente en Galicia procede de:

A.Colombia

B.Marrocos

C.Suiza

D.Portugal

114. Cantos concellos de Galicia teñen actualmente máis de 60.000 habitantes?:

A.4

B.7

C.6

D.9

115. Denomínase estatus a:

A.A posición que ocupamos dentro da familia

B.A posición que ocupamos na estrutura social

C.A posición que ocupamos no pasado e a que pretendemos acceder no futuro

D.A posición que ocupamos dende que nos convertemos en adulto e que ten que ver cos ingresos

116. Segundo Macionis e Plummer, 1999; Giddens, 2000; e Calhoun, 2000; o concepto “asimilación” refírese a:

A.A maioría étnica adáptase á minoría étnica

- B.A minoría étnica intégrase na maioría étnica
- C.A maioría étnica utiliza á minoría étnica
- D.A minoría étnica resístese integrarse na maioría étnica

117. Segundo o artigo 1.3 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; cal dos seguintes non é un principio de actuación da Comunidade Autónoma en materia de igualdade?:

- A.A procura e a eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, sexan directas ou indirectas
- B.A integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na elaboración, execución e seguimento de todas as accións desenvolvidas polo sector público autonómico no exercicio das súas competencias
- C.A adopción de idénticas actuacións de fomento da súa comprensión como función social con respecto ao coidado de familiares que, polas súas dependencias, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres e homes
- D.A modificación dos patróns socioculturais de conduta das mulleres, con vistas a alcanzar a eliminación dos prexuízos e das prácticas consuetudinarias baseadas na idea de superioridade do sexo masculino ou en funcións estereotipadas de mulleres

118. Cadiñanos e Riesco, 2000; indican que calquera tipo de comunicación verbal require de catro aspectos. ¿Cal dos seguintes non é un deles?:

- A.Adaptar a mensaxe e o vocabulario ao contexto comunicativo
- B.Unha mensaxe fiable e crible
- C.Unha mensaxe clara e desorganizada
- D.Elixir o momento adecuado para a comunicación

119. ¿Cal destes aspectos non se considera necesario no proceso de toma de decisións na policía?:

- A.Recoller información do sucedido
- B.Analizar a normativa aplicable
- C.Actuar e revisar o resultado
- D.Intervir sen sopesar as consecuencias

120. Nunha sociedade democrática os fins da policía deben ser:

- A.Os que determine o partido político gobernante
- B.Os que dite o xefe da policía
- C.Os fixados polo ordenamento xurídico
- D.Os determinados polo máximo responsable político

121. ¿ En que norma se establece a responsabilidade no exercicio profesional das policía locais en España?:

- A.Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo
- B.Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo
- C.Lei orgánica 4/2007, do 20 de abril
- D.Lei 4/2015, do 30 de marzo

122. ¿En que tipo de responsabilidades pode incorrer un policía local no exercicio das súas funcións?:

- A.Penal e civil
- B.Penal, administrativa e disciplinaria
- C.Penal, civil e administrativa/disciplinaria
- D.Civil, administrativa e disciplinaria

123. ¿Cal das seguintes teorías de desenvolvemento da metaética é cognitiva?:

- A.Naturalismo ético
- B.Emotivismo ético
- C.Prescriptivismo ético
- D.Intervencionismo ético

124. Ser condenado/a en virtude de sentenza firme por unha falta dolosa cando a infracción penal cometida causase dano á Administración ou á cidadanía, é unha falta de acordo ao establecido no artigo 81 da lei 4/2007, do 20 de abril:

- A.Leve
- B.Grave
- C.Moi grave
- D.Depende da gradación da falta cometida

125 . A lei 4/2007 establece en relación ao réxime disciplinario no seu articulo 80 que a tenencia de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, é unha falta:

- A.Moi grave
- B.Grave
- C.Leve
- D.A tenencia non constitúe falta, o é o consumo

126. Segundo o artigo 2.13 do Regulamento de armas vixente, entenderase arma de fogo curta:

- A.Cuxo canón non exceda de 20cm
- B.Cuxo canón non exceda de 25cm
- C.Cuxo canón non exceda de 30cm

D.Cuxo canón non exceda de 60cm

127. Para a custodia das armas regulamentarias e a súa cartuchería os corpos de policía local utilizarán armeiros e cámaras con capacidade suficiente, pero os seus membros poden custodiar o armamento asignado (artigo 11.5 lei 4/2007):

- A.En ningún suposto
- B.Cando o concello non posúa un armeiro adecuado
- C.Baixo a súa responsabilidade
- D.Ningunha resposta é correcta

128. Segundo a Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, no seu artigo 71. A venda ambulante en mercados periódicos é :

- A. Aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións
- B. Aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida
- C. Aquela autorizada en mercados esporádicos, que se celebran con motivo de feiras
- D. Aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados

129. En que artigo da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establécese que as Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante É unha competencia propia do municipio, que exercerá nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas:

- A. Artigo 22
- B. Artigo 23
- C. Artigo 24
- D. Artigo 25.

130. Durante a realización de transporte de menores, os vehículos teñen que atoparse identificados mediante o sinal:

- A.V-16
- B.V-10
- C.V-2
- D.V-11

